

2.5. Eixe 5. Eixe instrumental. Administración moderna, eficiente e de calidade

A administración debe ser o principal axente impulsor das estratexias que contén o plan, ben directamente mediante a provisión de bens e servizos públicos e o desenvolvemento das súas políticas de fomento, ben indirectamente, trasladando o acervo das mesmas á sociedade civil.

Para iso, debe ser quen de aplicarse a si mesma os obxectivos transversais priorizados no PEG:

- Dinamización demográfica analizando o impacto demográfico das súas políticas de gasto e ingreso.
- Internacionalización, comparando ás súas políticas coas das rexións máis exitosas da nosa contorna.
- Innovación, mudando os procedementos para acadar servizos de maior calidade sendo tamén máis eficientes e, por tanto, trasladando menos custe en forma de impostos aos cidadáns.
- Apoio ao emprendemento, eliminando trabas e custes burocráticos e orientando toda a xestión da administración autonómica cara á xeración dun clima favorable á creación de negocios e postos de traballo na nosa comunidade autónoma.
- Cohesión territorial aplicando as políticas de gasto con perspectiva territorial e compensando as eivas dos territorios máis desfavorecidos polo seu illamento ou por outras circunstancias socioeconómicas ou xeográficas.

Malia que a situación actual das diferentes administracións autonómicas é moi diferente, resultado de case catro décadas de autogoberno, existen dúas circunstancias que explican en grande medida a mesma (agás as que se financian polos sistemas especiais de convenio e concerto):

- O proceso de construción do Estado das autonomías, que ten mudado dun xeito radical a estrutura da administración pública, dende un Estado centralizado a outro dos máis descentralizados -pola parte do gasto- do mundo, no que a metade do gasto público xa non se realiza pola administración central.


Esta dinámica xerou unha certa perspectiva dun proceso inesgotable de intercambio de competencias entre administracións, algunhas das cales semellan cuestionarse na pasada conxuntura de crise. Por outra banda, este proceso moitas veces deu máis importancia á celeridade na construción do estado das autonomías e á o traspaso de competencias que á axeitada valoración do custe dos servizos que se estaban a traspasar, xerando déficits estruturais de financiamento que logo se trataban de paliar nas sucesivas negociacións do sistema de financiamento.

- A crise económica dimanante da burbulla financeira e da construción, que puxo en evidencia as eivas estruturais do noso sector produtivo e mercado de traballo analizadas no capítulo que recolle o modelo de crecemento.

Esta puxo tamén de relevo a fragilidade do sistema tributario nacional, o que afectou de xeito grave á estabilidade das finanzas públicas, diminuíndo os ingresos non financeiros da nosa comunidade autónoma nun 22,6% entre 2014 e 2009. Tan importante diminución de recursos implicou a necesidade de recorrer ao endebedamento por unha banda e de realizar axustes nas políticas de gasto para garantir a sustentabilidade das finanzas públicas por outra banda.

Gráfico 13. CA Galicia ingresos non financeiros e PIB (escala da dereita). Serie 2005-2014.

Millóns de euros



Fonte: Consellería de Facenda. INE. Contabilidade Rexional de España.

Esta situación deu como resultado a necesidade de cambios e reformas impulsados pola crise, mais con orixes previos á mesma (en efecto, tanto o deseño do sistema tributario como as principais ineficiencias no gasto público non xorden durante a crise).

Pese á necesidade destas reformas para solucionar problemas de diversa orde, estas son vistas con desconfianza e ás veces percibidas coma revisións á baixa do contrato social previo entre o goberno e a cidadanía. A identificación do marco xeral que dea sentido ás propostas das reformas así como á súa lóxica e efectos dificultáronse ante a rapidez e urxencia das mesmas, o que xerou un importante deterioro na confianza da cidadanía nas institucións públicas para solucionar os problemas xerados pola crise.


En base a todo o anterior, os principais retos que enfrenta a administración da nosa comunidade autónoma son os seguintes:

1. Sustentabilidade financeira a medio prazo das finanzas autonómicas. Como se ten indicado, a crise económica afectou de xeito importante e en forma de redución de ingresos á sustentabilidade das finanzas públicas. A pesares dunha xestión axustada aos obxectivos, isto implicou importantes aumentos da ratio débeda / pib que deberá reducirse nos vindeiros exercicios. Ademais existen forzas polo lado dos ingresos e dos gastos que xerarán fortes nesgos deficitarios nos vindeiros exercicios, á marxe da situación económica xeral.

- Pola banda do gasto, dada a evolución demográfica prevista, aínda mellorando as proxeccións do IGE, é previsible un aumento do gasto vinculado ás persoas maiores (en especial nos eidos social e sanitario).
- Pola contra, os recursos do sistema de financiamento toman como indicador de necesidade das comunidades autónomas ao habitante axustado. Esta variable non é máis que os/as habitantes de cada comunidade autónoma ponderados/as por unha serie de índices indicativos de necesidades de custe, entre os que destacan o avellentamento e a dispersión para Galicia.

Polo tanto, o noso financiamento virá condicionado polas taxas vexetativas negativas de poboación previstas. Se ben existe unha forza compensadora pola sobreponderación da idade e a dispersión, que axustan a cifra de poboación total. Non está garantido que se compense o devandito saldo vexetativo negativo. Ademais, esta compensación non reflicte de xeito suficiente os custes dos servizos dende unha perspectiva estática e moito menos dende unha perspectiva dinámica.

Gráfico 14. Evolución GAP financiamento SPF



Fonte: Consellería de Facenda.

O cadro superior mostra unha comparativa do gasto real no que incorreu a administración autonómica para financiar as políticas de gasto en materia de sanidade e saúde, educación e servizos sociais e o financiamento das mesmas a través do fondo de garantía de servizos públicos fundamentais (liquidación final de cada exercicio). Como pode apreciarse o financiamento destes servizos adoece dun desequilibrio estrutural no seu financiamento.

2. Eficacia e eficiencia dos principais servizos públicos competencia da administración autonómica, en especial a sanidade e a educación. Son as dúas políticas de gasto que máis recursos consumen das finanzas autonómicas, máis tamén as que concentran as competencias máis importantes no que atinxe á prestación de servizos da comunidade autónoma.

A evidencia indica que, en comparación con outras rexións desenvolvidas, as institucións educativas teñen problemas serios de resultados e de abandono escolar, algo que non sucede no eido da saúde. (*Ver datos de eurostat "Regional Yearbook 2014" capítulos 3 e 4 sobre saúde e educación ou "Panorama das administracións públicas 2015" da OCDE*).

Porén, as anteriores políticas non esgotan nin de lonxe a acción de goberno da comunidade autónoma no que atinxe á prestación de servizos, que abrangue a outros campos tan importantes como a acción social e loita contra a exclusión, a xustiza, os dispositivos de emerxencias, a loita contra os lumes forestais e a protección medioambiental, a sanidade animal e vexetal, o ciclo da auga, o servizo de gardacostas, a protección do patrimonio cultural ou o mantemento da rede de bibliotecas públicas.

Precísase, en definitiva, unha administración moderna e eficaz para impulsar a execución dos obxectivos estratéxicos contidos no PEG.

3. Transparencia e control dos resultados das políticas públicas. Para recuperar a credibilidade nas administracións públicas e mellorar a eficiencia no gasto público. Na medida en que o principal problema do sector público non é o seu tamaño, senón un desaxuste amplo entre ingresos e gastos, así como unha baixa eficacia e equidade nalgunha das súas actuacións; resulta preciso transparentar a lóxica das actuacións programadas e os recursos dispoñibles para o seu financiamento, así como os resultados acadados co seu desenvolvemento. A lóxica da xestión encamiñada a resultados debe posibilitar unha mellor priorización entre decisións de gasto das administracións.

4. Tamaño e estrutura organizativa dos diferentes niveis de administración. O sector público ocupa un lugar fráxil na saída da crise, pese ás súas limitadas responsabilidades no desencadeamento da mesma. A grave crise puxo de manifesto as limitacións dos gobernos para dar resposta dun xeito eficaz aos problemas da cidadanía e as empresas e mesmo desenvolver dun xeito correcto as súas funcións.

As expectativas defraudadas xeraron a perda de confianza e críticas á dimensión e artellamento das administracións públicas e da estrutura do Estado –por defecto ou por exceso segundo a ideoloxía– así como unha crecente tensión social e política. Resulta preciso delimitar as competencias e os recursos para exercelas nos diferentes niveis de administración, así como o desenvolvemento de fórmulas de cooperación áxiles e efectivas entre administracións para unha prestación efectiva de servizos en asentamentos con moi pouca poboación. Para iso, é preciso coordinar os mapas dos servizos prestados polas diferentes administracións no territorio, xa que os/as cidadáns/ás esperan unha axeitada prestación dos mesmos sen importarlles a concreta administración que os materialice. Neste sentido, a diseminación poboacional de Galicia fai especialmente importante esta coordinación; son moitas as carencias non atendidas aínda, especialmente nas poboacións máis illadas, e tamén moita a marxe para desenvolver ou converter locais públicos en centros de servizos múltiples que ofrezan solucións a quen as precise.

Dos catro retos recollidos nos parágrafos anteriores, a suficiencia financeira debe confiarse a un sistema de financiamento que reparta os recursos dispoñibles dun xeito máis axustado ás competencias na execución do gasto público entre os diferentes niveis de administración, garantindo a suficiencia e sustentabilidade financeira dos diferentes niveis de administración. Do mesmo xeito precísase dunha reforma tributaria que afecte a tributos cedidos que evite a competencia fiscal entre os territorios e mellore a corresponsabilidade fiscal dos mesmos.

No que atinxe ao reto segundo, podemos concluír que para acadar os obxectivos estratéxicos precisamos unha administración eficiente, moderna, flexible e transparente, que preste servizos públicos de calidade e axude a resolver os problemas da cidadanía e das empresas.

Para iso, precísanse uns cadros directivos que traballen con orientación a resultados e un persoal comprometido cos obxectivos fixados que mellore as súas habilidades mediante formación continua, especialmente no que atinxe a adquisicións de destrezas no manexo das TIC; pero tamén unha administración moderna debe explorar novos sistemas para incentivar o rendemento e flexibilidade que recoñezan máis a quen máis valor achega ao servizo público.

A xeralización dos servizos públicos dixitais e do e-goberno, debe contribuír a acadar a excelencia na xestión, posibilitando importantes economías por substitución dos sistemas tradicionais baseados no papel, e por economías de escala.

Estas novas tecnoloxías xerarán novos requirimentos e perfís profesionais, mais tamén deixarán obsoleto un volume aínda maior doutros oficios e traballos; por iso é precisa a flexibilidade no movemento dos equipos de traballadores e traballadoras.

A administración debe tamén actuar como exemplo e sector tractor das principais políticas antes enunciadas, dende a innovación, realizando compra pública innovadora e converténdose nun axente innovador en si mesmo, ata a rehabilitación dos seus edificios administrativos e vivenda pública, pasando pola eficiencia enerxética, a normalización lingüística e o dominio das linguas estranxeiras, a internacionalización, a aplicación de criterios de igualdade de xénero e non discriminación, a integración social e a protección da familia e a conciliación.

O reto terceiro reflicte ben ás claras a necesidade de modificar a xestión administrativa cara a unha xestión máis áxil, eficaz e orientada a resultados e ao servizo á cidadanía. Implicará desenvolver sistemas de xestión e control do gasto cara á obtención de resultados e cumprimento de obxectivos, así como a rendición de contas dos logros e atrancos acadados por cada xestor público.

O último reto sobre o tamaño e coordinación das administracións territoriais en Galicia requirirá importantes consensos e acordos a nivel político e unha concreción a través da regulación do sistema institucional do país que logo deberá desenvolverse con éxito en cada territorio nos vindeiros exercicios.

Pero tamén unha planificación conxunta dos servizos públicos no territorio permitiría unha atención ao cidadán máis eficaz evitando solapamentos e gastos prescindibles e, pola contra estendendo servizos públicos a onde agora non chegan. Tamén contribuiría a evitar liortas localistas estériles que non benefician a ninguén.

Por tanto, os retos dous e tres concretan as prioridades de actuación que recolle este eixe instrumental:

2.5.1. Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN 5.1. FUNCIÓN PÚBLICA PROFESIONAL, MOTIVADA E ORIENTADA AO SERVIZO PÚBLICO	
Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI.5.1.01: Acadar unha maior competencia dos empregados e empregadas públicos da comunidade autónoma, promovendo unha formación continuada ao longo da súa vida profesional, que redunde na mellora da prestación dos servizos públicos á cidadanía; a través dunha formación adaptada ás necesidades do alumnado, de calidade, práctica e flexible, que promova a conciliación da vida persoal e profesional, e aproveite todo o potencial das novas tecnoloxías.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións formativas para os empregados e empregadas públicas. ■ Realización de xornadas, seminarios e conferencias que sirvan coma punto de encontro para a reflexión e intercambio de ideas. ■ Accións de divulgación no eido da administración pública. 	122B
<p>OI.5.1.02: Contribuír a unha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da Lei do emprego público. 	123A 124A
<p>OI.5.1.03: Avanzar na mellora da calidade e seguridade xurídicas da actuación da administración e sector público autonómico.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións de mellora da calidade xurídica da actuación da administración e do sector público autonómico. ■ Accións de mellora da calidade normativa. ■ Medidas de coordinación dos servizos consultivos e contenciosos da Asesoría Xurídica. ■ Actuacións de mellora da calidade da defensa en xuízo da administración e do seu sector público e a adaptación da administración e do seu sector público ao estándar de funcionamento determinado polas sentenzas xudiciais. ■ Desenvolvemento da Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da CA de Galicia e do seu sector público. 	121B

2.5.2. Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN 5.2. ADMINISTRACIÓN TRANSPARENTE, EFICIENTE E ORIENTADA A RESULTADOS	
Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI.5.2.01. Acadar unha administración eficiente e que persiga a mellora continua da calidade dos servizos a través da optimización e racionalización da xestión do gasto público.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes na conxunto da administración autonómica. ■ Aplicación de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión e apostar pola compra pública responsable. ■ Renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos reducindo o custe de funcionamento. ■ Implantación dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán a través dunha nova aplicación informática cun único Rexistro Xeral, e a incorporación da dixitalización dos documentos que se presenten nas oficinas de rexistro. 	<p>121A 621B 911A</p>
<p>OI.5.2.02. Desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se debe asentar as políticas de transparencia.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Impulso da estatística oficial a través das operacións estatísticas. ■ Asegurar que a información estatística segue os principios e ás garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico, difusión dos resultados e as recomendacións do Código de conduta para as estatísticas europeas. ■ Aproveitar as fontes existentes e profundar na complementariedade co Plan estatístico nacional (PEN) coa potenciación das estatísticas de síntese, das estimacións indirectas, das enquisas ómnibus e das primeiras análises estatísticas dos datos. ■ Desenvolver un sistema integrado de contas económicas encadrado dentro dun marco de referencia territorial onde se vaia, a súa vez, integrando a información ambiental, o que supón unha análise profunda da poboación que soporta e as súas relacións. 	<p>581A</p>

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN 5.2. ADMINISTRACIÓN TRANSPARENTE, EFICIENTE E ORIENTADA A RESULTADOS	
Obxectivos instrumentais	Programas de gasto
<p>OI.5.2.03. Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica. ■ Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé en aplicar con rigor a normativa existente así como en render contas da xestión realizada, máis que en implementar novas normas e requisitos. ■ Reforzar as tarefas de planificación e de xestión e seguimento dos Programas Operativos dos fondos estruturais e das principais políticas de gasto sectoriais. ■ Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara aos contribuíntes e perceptores de subvencións. 	<p>611A 612A 621A</p>
<p>OI.5.2.04 Desenvolver un proceso de mellora continua da calidade e da transparencia no sector público que complete os procesos de reestruturación e simplificación administrativas xa en marcha.</p> <p>Principais liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Accións para promover a cultura de xestión da calidade no sector público autonómico a través dunha escoita activa das demandas cidadás. ■ Identificación de áreas de mellora dos servizos públicos, definición dos seus estándares de calidade e avaliación da calidade na súa prestación. ■ Deseño dun modelo que facilite o dereito de información cidadá sobre a actividade pública a través da nova normativa e mecanismos de transparencia. Desenvolver un sistema de arquivos dixitais, que permita o acceso á información pública e a transferencia de información entre administracións. ■ Continuación dos procesos de simplificación destinados a reducir os trámites e cargas administrativas, así como os tempos de tramitación. ■ Culminación da reordenación das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia. ■ Realización de auditorías operativas periódicas para controlar a eficacia e eficiencia do funcionamento do sector público autonómico. 	<p>122A</p>



3 500
9 450
10 850
13 685
5 595
6 215
7 730
86 450
1 050
550
4 550
38 500
9 480
450
33 250
3 935
100

3 000	10
000	7
	1
	9
6 5	
10 000	
52 850	
5 250	
750	
5 000	4
15 800	13 000
3 500	20 000
400	9 100
100	1 200
50	4 700
	98 000
	8 100
	39 100



